

1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: Baiona. Parroquias: Santa María de Baredo. Extensión: 0,55km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa formada por tramos cantís de escasa potencia que alternan con praias de bloques e cantos e áreas de plataforma rochosa. A chaira costeira, que adquire notables dimensións en pártia norte da unidade, presenta un relevo ondulado formado por restos da superficie granítica que quedan en resalte tras a erosión. A vertente traseira culmina na elevación do Alto do Cabo Silleiro que alcanza os 200m snm. O contacto coa franxa costeira é máis ou menos brusco e configura unha ladeira de forte pendente modelada sobre materiais graníticos na que abundan os afloramentos do substrato rochoso.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O conxunto da unidade, incluídas as illas de P6.-Olveiras e Carral, atópanse dentro do dominio dos granitoides de afinidade alcalina. O tipo concreto da roca que forma esta unidade son os granitos de feldspato alcalino, e presenta unha lixeira fragmentación. Ao sudoeste da área obsérvanse diques acedos de escasa potencia. En canto aos materiais cuaternarios, existe unha zona no oeste-sudoeste, na que o desmantelamento dos relevos circundantes ha dado lugar a un depósito de orixe coluvial.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Moi Húmido: precipitacións medias entre 1400mm e 1600mm, temperaturas suaves que acadan valores anuais por riba de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Chans en xeral pobres de escaso desenvolvemento en profundidade especialmente na vertente traseira onde predominan as pendentes acusadas moi expostas á erosión. Deste xeito fórmanse regosois e leptosóis líticos nos que son numerosos os afloramentos do substrato granítico. A estreita chaira costeira e o fondo de valgadas poden presentar solos un pouco máis profundos do tipo cambisol dístrico, favorecidos polas achegas de ladeira.

AS AUGAS

A unidade, composta por unha serie de cantís rematados nunha estreita chaira litoral, e varias illas, non alberga unha destacada rede hidrográfica, senón que máis ben esta se limita a pequenos arrosios temporais polos que as augas de escorrentía son canalizadas ata chegar á masa de Augas Costeiras de Cabo Silleiro (20103).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. Fronte rochosa na que aparecen o hábitat 1230, de cantís mariños atlánticos, pero sobre todo, ante a existencia de extensas praias de cantos e bloques, o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado. Nas vertentes costeiras desenvólvense amplias extensións de matogueira, principalmente seco cos hábitats potenciais 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans, aparecendo valgadas nas que un certo grao de hidromorfía pode permitir a aparición dos breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Ladeiras e cimas que pechan a unidade presentan afloramentos rochosos que dan importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade na que a escasa presenza antrópica ao longo da historia reflíctese na práctica ausencia de usos produtivos do solo. A totalidade da superficie deste territorio, fóra dos cantís que conforman a costa, está cuberta por vexetación costeira de matogueira, sen aproveitamento produtivo ningún.

MORFOLOXÍA

Tampouco se realizou neste territorio ningún asentamento de poboación, nin de orixe tradicional nin de formación contemporánea. A única construción significativa é faro Silleiro.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria desta unidade limitase á estrada PO-552, que a percorre rodeando o Alto de Cabo Silleiro polo pé das súas ladeiras. Desde esta, unha vía secundaria que sobe pola ladeira noroccidental para acceder ao faro e continuar cara á cima, é a única estrada que conforma o tecido viario.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único elemento patrimonial catalogado é Faro Silleiro, en funcionamento desde 1924 cando substitúe a outro de 1862, do cal sobreviven vestixios da súa estrutura ao noroeste do actual.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe dominada pola presenza da elevación de Cabo Silleiro en contraste visual co faro do mesmo nome, no bordo litoral. Territorio rodeado pola estrada na liña de costa e cuberto por vexetación costeira de matogueira, exceptuando os afloramentos rochosos das partes máis elevadas do macizo granítico e as formacións acantiladas que conforman a liña de litoral.

DINÁMICA DA PAISAXE

Territorio sometido a enerxías naturais que propiciou a súa escasa transformación e unhas dinámicas derivadas da colonización vexetal natural e en menor medida derivada de procesos silvícolas e puntualmente da substitución de cultivos por matogueira costeira nas cotas baixas da ladeira norte e oeste do Alto de Cabo Silleiro. Outro fito importante na historia desta unidade foi a substitución do faro de século XIX polo construído na segunda década do XX, nunha localización de mellor visibilidade. A construción das estradas PO-552, a diferenza do acontecido noutros puntos do seu percorrido, non significou a proliferación de edificacións ao longo do seu percorrido.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Conxunto de especial valor paisaxístico e simbólico, xa que o faro de Cabo Silleiro é un dos máis importantes do sur de Galicia, punto principal de orientación dos navíos grazas á súa lámpada de 3000 W que pode ser vista a 40 millas de distancia. A gran potencia expresiva do Alto de Cabo Silleiro, imponente macizo rochoso de 200 metros de altitude a tan só 500 metros da costa, contrasta fortemente coas zonas litorais baixas, que se desenvolven practicamente planas até o litoral recortado que se desfai no mar formando as illas de Carral, Polveiras e Illa Negra.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



